



Guía Docente				
Datos Identificativos				2018/19
Asignatura (*)	Estudos ingleses e medios de comunicación	Código	613505003	
Titulación	Mestrado Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións (2013)			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	3
Idioma	Inglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Estévez Saa, José Manuel	Correo electrónico	jose.manuel.estevez.saa@udc.es	
Profesorado	Estévez Saa, José Manuel	Correo electrónico	jose.manuel.estevez.saa@udc.es	
Web	www.imaes.eu/?page_id=31			
Descrición xeral	Os medios de comunicación en lingua inglesa, as técnicas de redacción xornalística, os estilos xornalísticos, o léxico propio dos xornais, os titulares de prensa e a súa tradución. Máis información na web reseñada enriba destas liñas.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A2	E02. Coñecemento dos principais recursos e ferramentas de investigación lingüística.
A5	E05. Coñecemento dos estudos do inglés con fins específicos e as súas aplicacións a outras disciplinas.
A7	E07. Capacidade para analizar distintos tipos de discursos e xéneros discursivos orais e/ou escritos en lingua inglesa.
A8	E08. Coñecemento do papel do inglés nos distintos medios de comunicación.
A12	E12. Capacidade para comprender diferentes achegas teóricas e críticas así como a súa aplicación á análise de textos literarios e culturais no ámbito anglófono.
B2	CB7 Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
B3	CB8. Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e se enfrontar á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
B4	CB9. Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións, e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan, a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sen ambigüidades.
B6	CX1. Capacidade de afondar naqueles conceptos, principios, teorías ou modelos relacionados cos distintos campos dos Estudos Ingleses, así como de coñecer a metodoloxía necesaria para a resolución de problemas propios de devandita área de estudo
B7	CX2. Capacidade para aplicar os coñecementos adquiridos na contorna multidisciplinar e multifacética dos Estudos Ingleses
B8	CX3. Capacidade para utilizar de forma eficiente as novas tecnoloxías da información e da comunicación no ámbito dos Estudos Ingleses.
B9	CX4. Capacidade para presentar en público experiencias, ideas ou informes, así como emitir xuízos en función de criterios, de normas externas ou de reflexións persoais para o que será necesario alcanzar un dominio suficiente da linguaxe académica e científica tanto na súa vertente escrita como oral.
B10	CX5. Habilidade para investigar e manexar novos coñecementos e información no contexto dos Estudos Ingleses
B11	CX6. Capacidade para adquirir un espírito crítico que leve aos estudantes a considerar a pertinencia das investigacións existentes nas áreas de estudo que conforman os Estudos Ingleses, así como das súas propias.
B12	CX7. Habilidades de consolidación e desenvolvemento da competencia lingüística (nivel C2) no uso falado e escrito da lingua inglesa.
B13	CX8. Autonomía progresiva na aprendizaxe, procuras propias de recursos e información, accedendo para iso a fontes bibliográficas e documentais sobre os distintos ámbitos que conforman os Estudos Ingleses.
B14	CX9. Capacidade para realizar traballos de investigación de carácter académico nos distintos ámbitos dos Estudos Ingleses
B15	CX10. Capacidade para presentar e defender un traballo de investigación utilizando a terminoloxía e os recursos adecuados e apropiados dentro do campo obxecto de estudo.



Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Proporcionar aos estudantes os conceptos e destrezas básicas relacionadas co Inglés e os Medios de Comunicación	AI7 AI8	BI6	
Considerar cómo os métodos de comunicación evolucionaron desde formas interpersonales a comunicación de masas.	AI7 AI8	BI11	
Proporcionar aos estudantes fundamentos conceptuais para estudar textos e produtos dos medios de comunicación.	AI7 AI8	BI4 BI8	
Analizar e investigar a comunicación audio-visual, impresa e baseada en TIC.	AI12	BI8 BI10	
Aprender a comunicarse con fluidez dentro do mundo audiovisual e de prensa escrita.	AI8	BI9 BI10	
Comunicarse de maneira eficaz en inglés oral e escrito	AI7	BI8 BI9	
Proporcionar ao alumnado un análisis completo das diferentes tipoloxías periodísticas e as diferentes técnicas lingüísticas que se deben emplear en cada unha delas.	AI5 AI7 AI8	BI7 BI8 BI12 BI13	
Traducir textos periodísticos á lingua galega e á lingua castelá.	AI2 AI5 AI7 AI8	BI2 BI7 BI12 BI13	
Ser capaces de escribir textos periodísticos en lingua inglesa. En concreto, titulares en estilos diferentes e con obxectivos diversos.	AI5 AI8	BI3 BI8 BI12 BI13 BI14 BI15	

Contidos	
Temas	Subtemas
Principais medios de comunicación.	Estudo de textos e produtos. Audiencias e institucións.
Qué son as noticias? Historias: identificación e tipoloxía.	Elaboración de noticias. Análise. Representación e ideoloxía
A linguaxe dos medios de comunicación. Escritura e edición.	Ortografía e puntuación. Estilo. Erros comúns.
Terminoloxía e conceptos relacionados coas TIC.	Elementos multimedia e medios de comunicación dixitais.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Seminario	A2 A5 A8 B8 B12 B13	10	50	60
Presentación oral	A7 B2 B4 B9 B11 B15	1	1	2
Obradoiro	A12 B2 B3 B6 B7 B10 B14	3	9	12
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado



Metodoloxías

Metodoloxías	Descrición
Seminario	A asistencia a clase é obrigatoria. Clases teóricas expoñendo conceptos e terminoloxía, coa utilización de presentacións multimedia, vídeos e elementos que podan contribuir a comprender os conceptos, procesos e ideas. Traballo en pequenos grupos para elaboración de proxectos, preguntas, opinións. Durante o curso os alumnos prepararán e farán comentarios sobre os temas, vídeos e material presentado en clase ou a través do campus virtual. Esta metodoloxía ten como obxectivo a práctica de destrezas orais e escritas, así como promover o traballo individual e en grupo.
Presentación oral	Unha presentación sobre o traballo final
Obradoiro	Traballo en pequenos grupos de discusión e debate. O alumnado preparará e comentará diversos temas durante o curso, usando video e outro tipo de medios, así como a plataforma dixital.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminario	A asistencia ás sesións na aula é obrigatoria.
Obradoiro	Pódese acudir ao despacho do profesor en horas de titoría, e tamén poden contactar con el a través do correo electrónico.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Seminario	A2 A5 A8 B8 B12 B13	A asistencia a clase é obrigatoria. - Exame curto de opción múltiple, respostas curtas, verdadeiro/falso, etc para amosar o progreso de aprendizaxe do alumnado sobre as materias traballadas na clase. (25%) - Entrega dun traballo ou proxecto escrito (25%)	50
Presentación oral	A7 B2 B4 B9 B11 B15	Presentación oral en inglés. Terá un valor do 50% da nota total do traballo final.	25
Obradoiro	A12 B2 B3 B6 B7 B10 B14	Esta parte da avaliación consistirá en preguntas do profesorado ao alumnado, tanto orales como escritas. Se terá en conta a participación activa na plataforma virtual e nas discusións nesta materia.	25

Observacións avaliación



Os progresos do alumnado serán avaliados no transcurso do seminario, tendo en conta a asistencia a e a participación activa nas sesións presenciais, ademais do traballo individual de cada alumno/a. Contemplanse a participación, implicación e execución das tarefas orais e escritas, realizadas dentro e fora da aula (por exemplo, exercicios, problemas, comentarios, tarefas escritas, presentacións orais e escritas, problemas de análise, e tests).

Dado o carácter semi-presencial do título, a asistencia é obrigatoria, salvo dispensa solicitada en tempo e forma e concedida pola Comisión Académica Universitaria do título, e sempre respetando as normativas de asistencia a clase das tres universidades participantes no título, así como os sistemas de avaliación que figuran expresamente nas guías docentes das diferentes materias, e sen prexuízo das consecuencias que poida ter para a súa avaliación final a ausencia a determinadas sesións presenciais.

Quen teña concedida a dispensa académica, e como establece a Normativa de permanencia da universidade, será avaliado seguindo os criterios aplicables á oportunidade de xullo.

Quen non leve a cabo o traballo tutelado, ou non teña realizado traballo igual ou superior ao 50% do resto das categorías de avaliación, acadará a cualificación de Non Presentado.

Quen non aprobe na primeira oportunidade terá á posibilidade da oportunidade de xullo, na que cada estudante terá que demostrar ter acadadas as competencias da materia mediante dous tipos de avaliación: un traballo tutelado do mesmo valor porcentual e natureza que na primeira oportunidade, máis os exercicios convidados que poidan suplir o resto das actividades.

Os progresos do alumnado serán avaliados no transcurso do seminario, tendo en conta a asistencia a e a participación activa nas sesións presenciais, ademais do traballo individual de cada alumno/a. Contemplanse a participación, implicación e execución das tarefas orais e escritas, realizadas dentro e fora da aula (por exemplo, exercicios, problemas, comentarios, tarefas escritas, presentacións orais e escritas, problemas de análise, e tests).



Bibliografía básica	<p>Bibliografía básica e complementaria Branston, Gill and Roy Stafford. The Media Student's Book. London: Routledge, 2010 Ceramella, N. Cambridge English for the Media. Cambridge University Press, 2008. Clark, Vivienne, James Baker, and Eileen Lewis. Key Concepts & Skills for Media Studies. London: Hodder, 2008. Downes, B. and S. Miller. Teach Yourself Media Studies. London: Hodder, 1998. Evans, Harold. Essential English for Journalists, Editors and Writers. London: Pimlico, 2000. Glynn, Kevin. Tabloid Culture. London: Duke University Press, 2000. Hicks, Wynford, S. Adams and H. Gilbert. English for Journalists. London: Routledge, 2009. Keeble, Richard. The Language of Newspapers. London: Routledge, 2002. O'Sullivan, Tim, Brian Dutton, and Philip Rayner. Studying the Media. London: Arnold, 2003. Price, Stuart. Media Studies. London: Longman, 2000. Wall, Peter. Media Studies for GCSE. London: Collins, 2000. Recommended websites: www.media-awareness.ca www.bfi.org.uk/education-research www.newmediastudies.com www.theory.org.uk/ www.mediaguardian.co.uk</p>
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías